

NOTA DE PRENSA

Arte GuiGlo, binomio creativo de Guille de la Paz e Gloria López Paz, trata de plasmar a cultura do viño en “Gallaeciam Vinum Ars”, mostra de pintura que se poderá visitar no Centro Empresarial do Tambre ata o 22 de novembro

“Pintamos con viño, pero non co líquido en si, senón probándoo en boca para despois expresar creativamente as sensacións que nos produce”

A Asociación Área Empresarial do Tambre inaugurará o luns, 28 de outubro, a exposición ás 20:30 horas, composta por unha trintena de óleos sobre tea, lenzo, madeira ou papel de tamaños que van dos 20 aos 190 centímetros

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2019 (Vía Láctea Comunicación).- A Asociación Área Empresarial do Tambre (AAET) inaugurará o vindeiro luns, día 28 de outubro, a exposición de pintura **“Gallaeciam Vinum Ars”**, un proxecto artístico de **Arte GuiGlo**, agrupación formada polos artistas plásticos **Guille de la Paz** e **Gloria López Paz**. O acto celebrarase ás 20:30 horas no Centro Empresarial do Tambre e contará coa asistencia do membro da xunta directiva da asociación empresarial, **Manuel Nieto**. A exposición estará aberta ao público ata o vindeiro 22 de novembro.

Arte GuiGlo é un binomio creativo formado en marzo de 2007 por dous artistas plásticos, Guille de la Paz y Gloria López Paz, que no ano 2017 inician un portentoso traballo de investigación e documentación sobre o viño, bebida obtida tras espremer a uva e converter o seu azucre en etanol a partir do mosto, con máis de 8.000 anos de historia para ir formando unha enorme cultura de gran valor civilizador. Todo este labor de investigación e experimentación culminou na mostra **“Gallaeciam Vinum Ars”**.

“O viño é todo un mundo, moito máis que un copa, unha botella ou un tonel. É unha práctica social, é identitario, un valioso medio de captación de vontades. É de ricos, de pobres, de música, é histórico, literario, é sociabilidade e civilización. É natural, alimento, química, ácido, sulfuroso, alcalino. É tamén amor, traballo, ocio. En suma, o viño é cultura, que é o que pretendemos reflectir no traballo artístico deste proxecto” –explica Guille de la Paz–.

Como calquera traballo de investigación, Arte GuiGlo recorreu a fontes da máis diversa índole, tanto bibliográficas, literarias, científicas ou históricas, como hemerográficas, visitando bodegas e, como non, deleitándose cos variados viños e denominacións de orixe de Gallaeciam, “experimentando as sensacións e emocións que producen”.

A exposición recolle o extenso traballo de Arte GuiGlo sobre o mundo cultural do viño en obras de arte orixinais, expresándose de modo creativo principalmente co a técnica do óleo sobre diversos soportes, como tea, lenzo, madeira ou papel, para conferir unha mostra dunha trintena de obras, con tamaños que van dos 20 aos 190 centímetros.

“Pintamos con viño, pero non co líquido en si, porque ao ter cores naturais degrañanse en tons agrisados ou sepias e para usalo pictoricamente hai que engadirlle lacas ou látex, pinturas ou outros produtos químicos, perdendo a viveza da súa cor natural, senón que pintamos con viño probando en boca para despois expresar creativamente as sensacións que nos produce. Lembramos unha cita do poeta grego Cretino, no século V a.C.: *Se bebes auga, nunca poderás producir unha obra de arte*” –subliña Guille de la Paz–.

Trátase dunha exposición ecléctica e diversa, que recolle as diferentes formas de pintas e expresar dos dous artistas, mesmo con influencias dunha gran diversidade de mestres, como Turner, Kandinsky, Malevich, Albers ou Frankenthaler nas obras de Guille, e Rembrandt, Blake, Goya, Matisse ou Escher nas de Gloria.

Reminiscencias á historia, literatura ou música

A mostra recibiu este título clásico por varias razóns. Os artistas decidiron plasmar creativamente a cultura do viño, realizando obras artísticas que reflectisen as sensacións, impresións ou emocións que produce esta bebida, non só a partir da súa inxestión, tamén con reminiscencias á historia, literatura ou música, desenvolvendo todo un traballo de investigación previo á elaboración de cada obra. “Empréganse as palabras latinas *vinum* e *ars* polo carácter histórico que leva a presenza do viño no noso país co seu pleno asentamento durante a conquista romana da península ibérica” –engade–.

Outra decisión, segundo sinala Guille de la Paz, foi usar o termo Gallaeciam, espazo territorial do noroeste peninsular que os romanos, coa división administrativa de Diocleciano, no século III d. C., chamaron Gallaecia pola presenza maioritaria de pobos “gallaeci”, que se dividiu en tres conventos: Lucensis, Bracarensis e Asturicensis. “Ampliamos os límites territoriais actuais galegos, xa que a Gallaecia antiga comprendía, ademais de Galicia, parte de Asturias, León, Zamora e norte de Portugal” –puntualizou–.

Espazos creativos, exposicións e concursos en común

Arte GuiGlo é un Binomio Creativo (2007-2019) formado polo artistas plásticos, Guille de la Paz e Gloria López Paz.

Guille de la Paz (1963), é natural de Albacete. Desde a súa infancia non cesou de pintar, formándose en talleres de pintores locais ata a actualidade, cuxa obra se multiplicou desde a creación de Arte GuiGlo. Licenciado en Historia pola UNED e cun Máster en Patrimonio Cultural de Galicia e Norte de Portugal da Universidade da Coruña, atópase agora inmerso no proceso de investigación de súa tese doutoral nesta universidade galega.

Gloria López Paz naceu en Padrón en 1966. Sempre deixou constancia que o debuxo era a súa forma de expresarse. Aparcado durante un tempo, o seu pasatempo convértese no centro da súa vida desde a súa participación en Arte GuiGlo.

Estes artistas plásticos coñecéronse en marzo de 2007, momento a no que crearon o binomio, compartindo espazos creativos, exposicións, concursos e realizando as súas respectivas obras de arte en diferentes estilos, impresionistas unhas veces, expresionistas outras. Desde esa data expuxeron xuntos en Santiago (2010), Boiro, e Cacabelos (León), con obras persoais de cada un e con obras conxuntas (realizadas ao par).

Co ánimo de que a arte chegue a todos e entre todos, iniciaron en 2013 un proxecto chamado “GUIGLO compARTE ESPACIOS”, mostrando as sensacións e emocións percibidas das xentes, paisaxes e patrimonio cultural de Galicia, con exposicións ao longo da xeografía coruñesa, que culminou nunha gran mostra denominada “Fusión de espacios” na Casa de Galicia en Madrid, en xaneiro de 2017.

NOTA.- Inclúe imaxes das obras e fotografía de Guille de la Paz e Gloria López

SAÚDOS
PRENSA Área Empresarial do Tambre
981 55 44 07/ 698 137 890
www.poligonotambre.com/es